

# EXERCICIOS RESOLTOS 4º ESO.

## SEMANA DO 30 DE MARZO AO 3 DE ABRIL

### 1ª SESIÓN

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vossos exercicios estean revisados e corrixidos.

### 2ª SESIÓN

1.

O texto titúlase «As cousas», dado que son os obxectos dunha casa os que dialogan entre si. Na segunda parte da actividade debes pór un título alternativo ao texto de lectura da unidade. Dentro das variadas opcións: *Obxectos falantes*, *Revolución*, *Que sucedeu?...*

2.

– Movemento ou sinal que se fai coa man, coa cabeza ou cos ollos para expresar algo sen palabras: **acenos** (l. 8).

– Respondeu cun argumento en contra a unha pregunta ou comentario: **retrucou** (l. 25).

– Extremo dun cigarro que queda sen fumar: **cabicha** (l. 36).

– Sen tranquilidade, irada, carraxenta: **alporizada** (l. 37) ou furiosa (l. 40).

– Inscripción nunha tumba en memoria do defunto: **epitafio** (l. 39).

– Que fala ou actúa con falta de pudor e que mente con descarado: **cínica** (l. 59).

3.

• No texto aparece un narrador en terceira persoa («meditou durante uns segundos», l. 10-11) que lle cede a voz aos personaxes que son os propios obxectos.

• Os personaxes do relato son: a Televisión, o Libro de Hamlet, o Vaso, a Lámpada, o Cinceiro, o Reloxo de Parede, a Pistola e a Escuridade.

• Para darlles personalidade e vida. • Os obxectos están humanizados cun nome propio en maiúscula. Ademais, teñen sentimentos, conversan entre si, coma se de persoas se tratase, analizando os feitos que presenciaron.

• Os personaxes, que son obxectos, discuten sobre un asasinato que tivo lugar dentro da casa e do que foron testemuñas.

- No final da historia queda a dúbida de se foi a moza quen disparou ao home ou ben se foi a Pistola, como obxecto humanizado, quen disparou para liberar a moza do home.

4.

- **Máis claro, auga** (l. 22): algo que é moi claro e evidente.
- **Serve igual para un roto que para un descosido** (l. 26): que serve para todo.
- **Escrito de puño e letra** (l. 28): escrito pola man do propio autor.
- **Cada un encontra o que anda a buscar** (l. 34): persoa que teima moito en algo que ao final se cumpre.
- **Está de volta de todo** (l. 42): persoa que sabe moito de algo.